



Obras “nutritivas”. A biblioteca escolar na busca dunha dieta lectora saudable Villar Arellano

Licenciada en Filosofía e Ciencias da Educación. Master en Libros e Literatura Infantil e Xuvenil pola UAB. Traballa en bibliotecas desde o ano 1990. É directora desde 2003 da Biblioteca do centro cultural CIVICAN (Fundación Caja Navarra - Pamplona). É profesora asociada do Departamento de Filología y Didáctica de la Lengua (Universidad Pública de Navarra).

Autora de libros como Biblioteca y aprendizaje autónomo: guía práctica para descubrir, comprender y aprovechar los recursos documentales (Gobierno de Navarra 2002) y Formar usuarios en la biblioteca (Fundación Germán Sánchez Ruipérez, 2001). Coautora de Mil libros. Una selección bibliográfica (1996), Siete llaves para valorar las historias infantiles (2002) e La biblioteca, espacio de cultura e participación (2008).

Coordinou a edición da Fonoteca Civican de ritmos étnicos, de José Miguel López (2007), Filmoteca infantil Civican de Lolo Rico (2010) e as guías de lectura anuais da colección “Biblioteca Civican” (2013-2018), obras publicadas pola Fundación Caja Navarra.

De igual modo que unha correcta alimentación é a base da saúde, elixir as lecturas máis apropiadas resulta fundamental para sustentar o saber.

A biblioteca escolar, corazón do centro, debe ofrecer obras nutritivas e diversas, unha dieta rica e equilibrada que favoreza o exercicio mental e a aprendizaxe activa. Para poder facelo, resulta imprescindible manter unha actitude de constante revisión e procura, tratar de reunir as mellores provisións e ter sempre a punto a despensa.

ESQUEMA DE CONTIDOS:

- *A importancia da dieta. Escoller para dar de ler.*
- *Non hai réxime milagroso. Valorar o fondo día a día.*
- *A pirámide alimenticia. Pautas para unha colección equilibrada.*
- *¿Superalimentos? A cuestión da calidade.*
- *Unha despensa variada. Lecturas diversas e criterios de selección.*
- *Mercado de abastos. Fontes de selección.*




Encontro dos centros PlaMBE 2017/2018

Xornada do xoves, 12 de abril 2018



A Biblioteca Escolar Rosa Piquín Cancio



Licenciada en Filosofía e Letras (Sección Psicología) pola Universidade de Oviedo. Diplomada en Audición e Linguaxe e en Educación Musical. Foi profesora responsable da Biblioteca escolar e coordinadora do Grupo de Traballo do CP Pablo Iglesias que obtivo un dos Premios de Dinamización de Bibliotecas Escolares do MEC. Foi a creadora de ABAREQUE, Revista de Biblioteca Escolar (<http://www.abareque.es>). Imparte numerosos relatorios en relación coas Bibliotecas Escolares, a Animación Lectora, a Literatura Infantil e Xuvenil, Formación de Usuarios, as relacións entre a Biblioteca Escolar/Biblioteca Pública e os Proxectos Documentais. É autora de publicacións relacionadas coa Formación de Usuarios, a Animación Lectora, a relación Bibliotecas Escolares- Bibliotecas Públicas e sobre Proxectos Documentais Integrados, entre outras o monográfico BLITZ nº 6.

Na actualidade coordina a BE do CP Veneranda Manzano e é profesora asociada na Facultade de Formación do Profesorado (Universidade de Oviedo) onde imparte a materia Biblioteca Escolar: Centro de Recursos e Proxectos Interdisciplinares para 4º dos Graos de Infantil e Primaria de Maxisterio.

“O presente das bibliotecas escolares en España, pasa pola aplicación efectiva da lexislación vixente no relativo a Bibliotecas Escolares (Art.113 LOMCE). O futuro constrúese, entre outras cousas, coa consolidación real dese recurso educativo ao servizo do currículo e do proxecto educativo.”

Unha biblioteca LIA (Lectura, Información, Aprendizaxe) - I: Biblioteca viva, escola viva
Belén Escariz Ferrín. CEIP Quintela (Moaña, Pontevedra)

Unha biblioteca LIA (Lectura, Información, Aprendizaxe) - II
Biblioteca escolar: Guía de navegación
Eugenia García Canle. IES Universidad Laboral (Culleredo, A Coruña)

Plan de mellora de bibliotecas escolares. Centros de nova incorporación
Asesoría de Bibliotecas Escolares. Consellería de Cultura, Educación e O.U.
As bibliotecas do PLAMBE, unha rede en construción.

O Plan LIA (Lectura, Información e Aprendizaxe) acolle as bibliotecas escolares e a lectura en contexto educativo. Documentos de referencia para responsables de biblioteca; normativa, convocatoria, presentación de memoria, liñas prioritarias. Retos e debilidades, realidade e posibilidades, optimización de recursos e prioridades. Un repaso pola situación actual.



“Palabras que saben, palabras que contan. O conto contado na escola”
Pep Bruno

Licenciado en Filoloxía Hispánica e en Teoría da Literatura e Literatura Comparada e diplomado en Traballo Social. Contacontos de forma profesional desde 1994, conta para bebés, público infantil, xuvenil e adulto. Foi membro do Seminario de Literatura Infantil e Xuvenil de Guadalajara (España) e participou na organización do Maratón de Contos de Guadalajara entre 1994-2006. É socio fundador de AEDA, asociación de profesionais da narración oral en España (narracionoral.es) Imparte talleres literarios e de creación; organiza actividades de animación á lectura; escribe artigos especializados, dá cursos e conferencias... Na actualidade ten un espazo dedicado a bibliotecas, libros e contos na Radio Castela A Mancha (desde 2015).

Mantén a súa páxina web www.pepbruno.com e o seu blogue tierraoral.com, así como varias páxinas en Facebook dedicadas á biblioteca, a lectura e a narración oral. Dirixe a editorial Palabras do Candil, especializada en publicacións de libros e contos de narradores orais profesionais . Escribe libros álbum e contos para os máis pequenos como Conto para contar mentres se come un ovo frito ou A cabra boba. Entre as publicacións para mozas e adultos están 99 Pulgas ou Cuentos mínimos (web www.pepbruno.com).

O conto contado na escola, o seu valor, os seus valores, e algunhas propostas para que a palabra dita habite comodamente nas aulas e bibliotecas escolares.